

Expediente: 18923-101

INFORME AVALIACIÓN SOBRE C DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE FLORES PARA ACTOS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE VIGO.

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 2 de xuño de 2022, con relación ao procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (18.923-101) acordou:

- a) Non admitir a D. MANUEL ROSARIO GONZÁLEZ dos lotes 1, 2, 3 e 4 deste procedemento por ter presentado a súa proposición fóra do prazo de presentación que remataba o 25 de maio de 2022 ás 23:59 horas, incumprindo o disposto na cláusula 15.1 do PCAP ("A documentación presentárase dentro do prazo fixado no anuncio da licitación").
- b) Admitir neste procedemento ao D^a. BÁRBARA FIGUEROA CARIDE (lotes 1, 2, 3 e 4) por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- c) Outorgar un prazo de tres días a D^a. M. DESIRÉ PEREIRA MOREIRA (lotes 1 e 2) para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá presentar o Documento Europeo Único de Contratación (DEUC), debidamente cumprimentado e asinado, esixido nas cláusulas 8.4 e 14.1 do prego.

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 8 de xuño de 2022 acorda por unanimidade:

- Non admitir neste procedemento a D^a. M. DESIRÉ PEREIRA MOREIRA (lotes 1 e 2) por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos, dado que presentou o DEUC requirido pero sen asinar (Resolución nº 1070/2020, do 9 de outubro de 2020, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales).
- Procede, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

LOTE 1

	Licitador	Prezo unitario (C/IVE)	Incremento do número mínimo de flores esixidas para cada centro		
			Centros para vodas	Centros acollementos	Centros para eventos institucionais
1					

1



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/06/2022 14:46	Páxina 1 de 6
18923-101	CSV: A7ADA5-854BE7-D925BH-3D1GKC-XDQTLTY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1	Licitador BÁRBARA FIGUEROA CARIDE	Prezo unitario (C/IVE) 50,00 €	Incremento do número mínimo de flores esixidas para cada centro		
			1/2 ducia	1 ducia	1 ducia

LOTE 2

	Licitador	Prezo unitario (C/IVE)	Incremento do número de centros para cada evento
1	BÁRBARA FIGUEROA CARIDE	1.000,00 €	-

LOTE 3

	Licitador	Prezo unitario (C/IVE)	Servizo de atención fora do horario comercial	Servizo de atención domingos e festivos entre as 10,00 e as 14,00 horas
1	BÁRBARA FIGUEROA CARIDE	115,00 €	-	-

LOTE 4

	Licitador	Prezo unitario (C/IVE)	Servizo de atención fora do horario comercial	Servizo de atención domingos e festivos entre as 10,00 e as 14,00 horas
1	BÁRBARA FIGUEROA CARIDE	150,00 €	-	-

A licitadora presenta varias fotografías segundo o esixido no apartado 6B do Anexo I -FEC- do PCAP.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

Con data 13 de xuño, pola xefatura da unidade administrativa de Alcaldía procédese a avaliación do sobre C coa documentación presentada por dona D^a. BÁRBARA FIGUEROA CARIDE para os lotes 1, 2, 3 e 4 segundo o recollido no punto 7.B) do Anexo I -FEC- do PCAP.

➤ **AVALIACIÓN LOTE 1.- Centro decorativo para vodas, acollementos civís ou eventos institucionais ata 100 puntos.**

Sendo os criterios avaliábeis mediante fórmula os seguintes:

- 1.- Redución do prezo: valorarase con ata 70 puntos.
Para valorar este criterio utilizaranse as fórmulas previstas na cláusula 16.
- 2.- Incremento do número de flores esixidas para cada centro: con ata 30 puntos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/06/2022 14:46	Páxina 2 de 6
18923-101	CSV: A7ADA5-854BE7-D925BH-3D1GKC-XDQTLTY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- a) centros para vodas: 5 puntos por cada media ducia de flor a mais en cada centro ata un máximo de 10 puntos.
- b) centros para acollementos: 5 puntos por cada media ducia de flor a mais en cada centro ata un máximo de 10 puntos.
- c) centros para eventos institucionais: 5 puntos por cada media ducia de flor a mais en cada centro ata un máximo de 10 puntos.

- A licitadora D^a. BÁRBARA FIGUEROA CARIDE propón un prezo unitario de 50,00 € para cada centro decorativo sobre un prezo unitario de 52,70 polo que lle corresponden **70 puntos**.

- Con relación ao incremento do número de flores esixidas para cada centro a licitadora propón:

- a) Media ducia a mais para centros para vodas: **5 puntos**
- b) 1 ducia de flor a mais para centros para acollementos: **10 puntos**
- c) 1 ducia de flor a mais para centros para eventos institucionais: **10 puntos**

Con relación as fotografías, non é posible identificar, xa que non están nomeadas, cal das imaxes aportadas pola licitadora corresponden ao centro decorativo para vodas e acollementos no Museo de Castrelos; vodas e acollementos civís na Pinacoteca Municipal Francisco Fernández del Riego ou eventos institucionais para eventos institucionais. A empresa tería que especificar a correspondencia das imaxes cos lotes, nomeando as fotografías.

Total de puntos para o LOTE 1: 95 puntos.

➤ **AVALIACIÓN LOTE 2. Centros decorativos para escenarios en actos ou eventos institucionais ata 100 puntos.**

Sendo os criterios avaliados mediante fórmula os seguintes:

- 1.- Redución do prezo: valorarase con ata 70 puntos.
Para valorar este criterio utilizaranse as fórmulas previstas na cláusula 16.
- 2.- Incremento do número de centros para cada evento (sendo o mínimo por evento de 10 unidades) ata 30 puntos.
 - a) Por cada centro ou decoración vexetal a mais para cada evento: 10 puntos ata 30 puntos.

- A licitadora D^a. BÁRBARA FIGUEROA CARIDE propón un prezo unitario de 1.000,00 € para cada centro decorativo sobre un prezo unitario de 1.054,06 polo que lle corresponden **70 puntos**.

- Con relación ao incremento do número de centros para cada evento non presenta incremento: **0 puntos**.

Con relación ás fotografías aportadas e dado que non están nomeadas, non se pode

3



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/06/2022 14:46	Páxina 3 de 6
18923-101	CSV: A7ADA5-854BE7-D925BH-3D1GKC-XDQTLTY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

identificar con seguridade cal corresponde a tipoloxía de centros decorativos para escenarios en actos ou eventos institucionais. A empresa tería que especificar a correspondencia das imaxes cos lotes, nomeando as fotografías.

Total de puntos LOTE 2: 70 puntos

➤ **AVALIACIÓN LOTE 3 a) Centro/ramo funerario ou conmemorativo:**

Sendo os criterios avaliados mediante fórmula os seguintes:

- 1.- Redución do prezo: valorarase con ata 55 puntos.
Para valorar este criterio utilizaranse as fórmulas previstas na cláusula 16.
- 2.- Servizo de atención fora do horario comercial (entre as 13,30 e as 16,30) e (entre as 20,00 e as 22,00 horas): ata 25 puntos (5 puntos por cada hora de atención fora do horario comercial).
- 3.- Servizo de atención domingos e festivos entre as 10,00 e as 14,00 horas. Ata 20 puntos (5 puntos por cada hora de atención entre as 10,00 e as 14,00 horas).

- A licitadora D^a. BÁRBARA FIGUEROA CARIDE propón un prezo unitario de 115,00 € sobre un prezo unitario de 118,58 polo que lle corresponden **55 puntos**.

Con relación ao Servizo de atención fora do horario comercial (entre as 13,30 e as 16,30) e (entre as 20,00 e as 22,00 horas), e mais o Servizo de atención domingos e festivos entre as 10,00 e as 14,00 horas.

A licitadora **non oferta ampliación do horario**.

- Con relación as fotografías, e dado que non están nomeadas, non se pode identificar cal das imaxes corresponde ao LOTE 3.

Total do puntos LOTE 3: 55 puntos.

➤ **Lote 4.- Coroas conmemorativas ou funerarias.**

Sendo os criterios avaliados mediante fórmula os seguintes:

- 1.- Redución do prezo: valorarase con ata 55 puntos.
Para valorar este criterio utilizaranse as fórmulas previstas na cláusula 16.
- 2.- Servizo de atención fora do horario comercial (entre as 13,30 e as 16,30) e (entre as 20,00 e as 22,00 horas): ata 25 puntos (5 puntos por cada hora de atención fora do horario comercial).
- 3.- Servizo de atención domingos e festivos entre as 10,00 e as 14,00 horas. Ata 20 puntos (5 puntos por cada hora de atención entre as 10,00 e as 14,00 horas).

- A licitadora D^a. BÁRBARA FIGUEROA CARIDE propón un prezo unitario para coroas conmemorativas por importe de 150 € e un prezo para coroas funerarias por importe de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/06/2022 14:46	Páxina 4 de 6
18923-101	CSV: A7ADA5-854BE7-D925BH-3D1GKC-XDQTLY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

250,00 € sobre un prezo unitario de 263,51 € (ive incluído).

Ningún dos dous prezos propostos sobrepasa o prezo unitario de 263,51 € polo que lle corresponderían **55 puntos**.

- Con relación ao Servizo de atención fora do horario comercial (entre as 13,30 e as 16,30) e (entre as 20,00 e as 22,00 horas), e mais o Servizo de atención domingos e festivos entre as 10,00 e as 14,00 horas. A licitadora **non oferta ampliación do horario**.

A licitadora informa do horario comercial da floristería que non se solicita no modelo de proposición:

Horario continuado de 9:00 a 20:30 días laborables

De 10:00 a 14:00 días festivos (para funerarios hasta las 20:00).

Con relación ás fotografías a licitadora tería que especificar a correspondencia das imaxes cos lotes, nomeando as fotografías.

Total de puntos para o LOTE 4: 55 puntos.

Non obstante ao exposto, faise constar que a licitadora Dna BÁRBARA FIGUEROA CARIDE inclúe un ANEXO non contemplado no modelo de proposición punto 6 B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) co seguinte texto:

"Lote 2: Se o escenario realizase só con verdes o plantas con flor o prezo sería a partir de 600 € a concretar.

Lote 3: os ramos/centros de defunción dependendo do tamaño, cantidade e tipo de flor estarían entre 90€ e 200 €

Lote 4: A corona funeraria o rango de prezo será variable en función do tamaño, cantidade e tipo de flor entre 180€ e 200 € . Coroa funeraria especial de 10 ducias de rosas e verdes con rama de rosas mesa de firmas incluído 500 €".

- Con relación ao LOTE 2 o antedito anexo entraría en conflito co prezo ofertado, contradicindo a proposta económica e propoñendo ademais un tipo de centro que non se esixe no apartado 2.a) da cláusula terceira do PPTP.

- Con relación ao LOTE 3 o anexo entra en conflito co prezo proposto pola empresa, e condiciona o prezo ás características técnicas en canto a medidas, cantidade e tipo de flor que se atopan especificadas no PPTP.

- Con relación ao LOTE 4 entra en conflito cos prezos ofertados na proposta, propoñendo ademais unha tipoloxía de coroa funeraria especial que non se atopa recollida no PPTP.



Así mesmo, infórmase que a licitadora recolle na súa proposta para cada un dos catro lotes características técnicas que non se solicitaban no modelo de proposición do punto 6 B do Anexo I -FEC- do PCAP.

Dáselle traslado do presente informe á Mesa de Contratación, para que a vista deste, e en virtude das súas competencias, proceda a continuación do expediente.

LGD

A Xefa Administrativa da Alcaldía, Luz María González Domínguez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/06/2022 14:46	Páxina 6 de 6
18923-101	CSV: A7ADA5-854BE7-D925BH-3D1GKC-XDQTTY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		